

NACIÓN E NACIONALISMO EN ESPAÑA

Son múltiples e controvertidas as definicións que existen sobre o que é unha **nación**: comunidade política, pobo, asociación de individuos vencellados por lazos comúns..., e sobre os factores que a conforman: territorio, historia, lingua, etnia, cultura, economía, leis, dereitos políticos, mentalidade... Sen embargo, todas coinciden en identificala coa **patria** ou terra de nacemento e en considerar que para que exista deben cumprirse un requisito mínimo: que os seus membros teñan o sentimento de pertencer a ela (sentimento nacional). Os defensores da súa existencia como comunidade diferenciada das demais (nacionalistas ou patriotas) consideran que toda nación ten dereito a decidir libre e colectivamente o seu destino (dereito de autodeterminación), dereito que conleva a capacidade para dotarse dun autogoberno e formar unha **nación soberana** cun Estado independente e que pode ser reclamado e defendido pola violencia e as armas (loita de liberación nacional).

Paralelamente, a meirande parte das doutrinas políticas contemporáneas consideran que a **vontade e soberanía da nación** debe ser o referente básico da lexitimidade de todo o sistema político. Sen embargo, este principio é entendido de diferente forma polas diferentes ideoloxías existentes; así esa vontade e soberanía reside: para o fascismo, no líder carismático e no Estado; para o tradicionalismo, nas institucións tradicionais; para o liberalismo doutrinario, no rei e no Parlamento; para o liberalismo democrático e para a socialdemocracia na vontade do pobo manifestada a través de consultas periódicas. As ideoloxías de esquerda (socialismo marxista, comunismo e anarquismo), foron moi críticas coa nación e cos movementos nacionalistas, por considerar que servían para camuflar a explotación capitalista que exercían as clases que controlaban o poder sobre as masas populares; aínda así, houbo un certo recoñecemento das reivindicacións nacionalistas cando estas podían traducirse en vantaxes para as clases populares.

Desde o punto de vista da análise histórica, as nacións non están predeterminadas nin existen desde tempos inmemoriais, senón que son produto da evolución de distintos factores relativamente recentes e, na maioría dos casos, vinculados coas transformacións políticas e ideolóxicas orixinadas polas revolucións liberais; con anterioridade só se debería falar da existencia de protonacións.

1. A CUESTIÓN NACIONAL EN ESPAÑA

En España, a pesar de constituír un dos Estados máis vellos de Europa e un dos primeiros onde se iniciou a revolución liberal, a cuestión nacional é aínda hoxe un problema inacabado e polémico. Xunto á idea de España como nación, defendida polo nacionalismo español, existen diversos movementos rexionalistas e nacionalistas periféricos que, en especial en Cataluña, País Vasco e Galicia, defenden a consideración das súas propias comunidades como nacións distintas da española.

1.1. O nacionalismo español

A idea modera da nación naceu en España vinculada ás transformacións políticas liberais realizadas polas Cortes de Cádiz e á defensa popular do territorio fronte á invasión das tropas de Napoleón. A Constitución de 1812 foi a primeira que recolleu e definiu a nación española como un corpo político independente, formado por todos os habitantes da Coroa, no que residía a soberanía. Así mesmo, precisou que todos eses habitantes, por formar parte da mesma nación, deberían estar sometidos á mesma lei e ter os mesmos dereitos, isto implicaba a abolición de todas as particularidades persoais e territoriais características do Antigo Réxime, en especial os privilexios territoriais e os privilexios feudais.

A nación española

Art.1. A nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios

Art.2. A nación española é libre e independente; non é nin pode ser patrimonio de ningunha familia nin persoa.

Art.3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Constitución española. 1812

Sen embargo, a división do liberalismo en dúas correntes (doutrinaria e democrática), deu lugar á aparición de distintas interpretacións e argumentacións sobre a existencia, identificación, valores e formación da nación española. Estes criterios serviron de base para o desenvolvemento dun nacionalismo español conservador e outro liberal-democrático.

- O **nacionalismo español conservador** foi o dominante nos séculos XIX e XX. Tanto os liberais moderados e conservadores (Cánovas) como os tradicionalistas católicos (Menéndez Pelayo) defenderon e consideraron, con desigual intensidade, que:
 - A nación española é unha **entidade colectiva**, superior á vontade dos individuos, **froito da historia** que, desde a época máis remota da antigüidade, conducía irremediabilmente a formar unha unidade política inseparable; unha historia na que se forxaba o carácter, a raza e o xenio español e na que tiveron unha grande importancia os godos, a Reconquista, os Reis Católicos e Castela (concepción orgánico-historicista).
 - Como elementos de identidade desa nación española están:
 - A **Coroa**, manifestación do permanente e da unidade fronte a calquera particularismo e tendencia disgregadora.
 - O **catolicismo**, unha especificidade de España e do español fronte aos demais pobos (fe católica que, ao longo da historia, foi defendida fronte a bárbaros, musulmáns, xudeus, protestantes, ateos e heterodoxos... e que foi estendida co descubrimento e conquista de América).
 - A **península Ibérica**, un territorio delimitado polas fronteiras naturais dos Pirineos e o mar, considérase coma o crisol onde se forxou a nación española, froito da mestura das sucesivas culturas que sobre el se desenvolveron (esquecendo nos seus razoamentos a presenza, nese mesmo marco, doutra nación independente: Portugal).
 - A unidade da patria é incompatible co mantemento de calquera particularismo local, de modo que se impón o **centralismo** e a identificación dos valores españois cos valores casteláns.

Valores tradicionais da nación española

¡Venturosa aquela idade de prestixios e marabillas, idade de xuventude e de vida robusta! España era ou críase o pobo de Deus e cada español outro Xosué (...).

España, evanxelizadora da metade da orbe: España, martelo de herexes, luz de Trento, espada de Roma, berce de San Ignacio... esa é a nosa grandeza e a nosa unidade, non temos outra. O día en que acabe de perderse, España volverá ao cantonalismo dos Arevacos e Vetóns ou dos reis de Taifas. A este final imos camiñando máis ou menos apresuradamente e cego será quen non o vexa (...).

Coa continua propaganda irrelixiosa, o espírito católico, vivo aínda en multitude de campesiños, vai falecendo nas cidades e aínda que non son moitos os librepensadores españois, ben se pode afirmar que eles son da peor casta de impíos que se coñecen no mundo, porque o español que deixou de ser católico é incapaz de crer noutra cousa que non sexa a omnipotencia dun certo sentido común e práctico, cose sempre basto, egoísta e groseiro.

Marcelino MENÉNDEZ PELAYO. **Historia dos heterodoxos españois**. 1880-1882

- O **nacionalismo español liberal-democrático**. Demócratas e republicanos (Pi i Margall, Ortega, Azaña) defenderon que:
 - A nación española era unha construción política, un **corpo de asociados** unidos baixo as mesmas leis, **froito da vontade dos individuos na historia** (concepción voluntarista e política).
 - Os seus símbolos eran a **participación democrática** do pobo, a defensa dos dereitos e **liberdades** e o **laicismo**, valores identificados coa República.
 - A unidade da patria era compatible co mantemento dos particularismos locais, defendendo un concepcións unitarias compatibles coa **descentralización** administrativa, e outros, os federais, a **autonomía** política territorial.

En canto á relación co **nacionalismo español, as forzas de esquerda** (anarquistas, socialistas e comunistas) amosaron un forte rexeitamento dos ideais nacionalistas, sobre todo dos conservadores. A patria e a nación española foi considerada por eles como unha escusa que empregaban as oligarquías dominantes para manter sometidas e explotadas as forzas traballadoras e para xustificar as aventuras coloniais e defender os seus intereses económicos en Cuba e Marrocos. Os anarquistas opuxéronse frontalmente ao Estado, á nación e a calquera tipo de nacionalismo. No caso dos socialistas marxistas e dos comunistas, primaron a potenciación de España como Estado fronte á idea de nación, un Estado que debía servir de medio para a redención das clases obreiras e para eliminar os privilexios da burguesía explotadora.

1.2 Rexionalismos e nacionalismos periféricos

Como noutros Estados europeos, en España xurdiron, a partir da segunda metade do século XIX, distintas manifestacións culturais e políticas que na periferia peninsular, principalmente en Cataluña, Galicia e País Vasco, evolucionaron progresivamente na defensa da existencia de nacións propias diferenciadas da española.

Este proceso de creación e consolidación dunha conciencia nacional pro-pia pasou, en liñas xerais e como noutras comunidades europeas, por diversas fases mais ou menos longas:

- Nos seus comezos, un número reducido de persoas, sobre todo intelectuais e eruditos vinculados coa burguesía, comeza a interesarse pola historia, a lingua e a cultura da súa comunidade creando os alicerces básicos para unha solidariedade colectiva.
- Pouco despois aparece, xunto coa permanencia dos intereses culturais, a axitación política que aspira a conseguir cotas de autogoberno, ampliando os apoios sociais e ofrecendo aos distintos grupos da comunidade expectativas favorables para a realización dos seus intereses económicos, políticos ou culturais. Xorden así o *catalanismo*, o *galeguismo*, o *biscuitarrismo*, o *andalucismo*...

En liñas xerais, esta axitación política reivindicadora da propia personalidade da comunidade tivo diferentes manifestacións que evolucionaron cara a unha maior radicalización e especificidade:

- O **rexionalismo**: termo empregado, a partir da década de 1880, para cualificar aqueles movementos políticos e culturais que reivindican formas de descentralización administrativa e de autogoberno consideradas como un dereito histórico da propia comunidade fronte ao Estado uniformizador e centralizador.
- O **nacionalismo**: movemento en defensa da consideración e do recoñecemento da comunidade propia como unha nación diferenciada con dereito a dispoñer de soberanía política e de goberno propio; aparece así, a finais do século XIX e comezos do XX, a idea da existencia da nación catalana, vasca ou galega e a creación de partidos nacionalistas que defenden estes dereitos. Na elaboración e formulación destas ideas nacionalistas destacaron Prat de la Riba, Sabino Arana e Vicente Risco.

Na orixe destes movementos súmanse unha serie de **factores** entre os que destacan:

- A **diversidade cultural e lingüística** orixinada na Idade Media e que se reflicte no emprego, por parte dun amplo sector da poboación da periferia, de distintas linguas: catalán, galego e vasco.
- Os cambios xurídicos, políticos e culturais vinculados á articulación e **imposición do novo Estado liberal**: centralización e unitarismo, supresión das particularidades xurídicas e territoriais, predominio dos valores e lingua casteláns e subordinación das outras linguas e culturas.; estes cambios incrementaron o enfrontamento centro-periferia.
- O **desigual desenvolvemento capitalista**: a dificultade das comunicacións e, sobre todo, o diferente grao de industrialización, orixinaron importantes desequilibrios no desenvolvemento económico de determinados territorios -Cataluña, País Vasco, Asturias- non coincidentes Coa localización dos centros de decisión política, e mesmo coa extracción xeográfica das elites que gobernan o Estado.
- A **débil nacionalización española**, é dicir, o débil desenvolvemento dun sentimento nacional español amplamente aceptado por todos os habitantes. Causas desta debilidade son:
 - A falta de consenso sobre o sistema político (monarquía-república, centralismo-autonomía, catolicismo de Estado-laicismo, tradicionalismo-democracia) e sobre os símbolos nacionais españois; así, existiron varias bandeiras (a bicolor contra a tricolor) e himnos nacionais (*Marcha Real* contra *Himno de Riego*) que enfrontan a monárquicos e conservadores con demócratas e republicanos.

- O fracaso da política nacionalizadora e uniformizadora do Estado a través da educación, do exército, da participación política e da realización de accións patrióticas. A débil escolarización, o sistema de redención de quintos, a manipulación política e electoral e a ineficacia da administración (tipificada na frase de Larra *volva vostede mañá*) provocaron unha insuficiente identificación dos españois cun valores nacionais comúns para todos.
- O **descontento e a desilusión pola marcha xeral do país**. O atraso económico, cultural e político e os fracasos e desastres coloniais (sobre todo o do 98) estenderon, entre as elites e as rasas, a idea da decadencia e desprestixio de España e da falta dun proxecto de futuro común que ilusione a toda a poboación e a faga sentirse orgullosa da súa pertenza a España.

Nos seus comezos, os *nacionalismos periféricos* tiveron un carácter minoritario pero, nalgúns comunidades, a súa mensaxe foi progresivamente aceptada por amplos sectores sociais e acabaron por se converter en movementos de masas cunha grande influencia política. En liñas xerais, estes nacionalismos periféricos rexeitaron a existencia dunha nación española unitaria e defenderon desde unha nova organización do Estado español, compatible co autogoberno (caso catalán ou galego), ata a independencia total da súa comunidade (caso vasco). En moitos casos, a negativa por parte do poder central a ceder ás reivindicacións de auto-goberno, radicalizaron as posturas e incrementaron as tendencias separatistas que, como contestación, acentuaron as posturas partidarias da represión destas tendencias.

Particularismo e proxectos de futuro

Un dos fenómenos máis característicos da vida política española nos últimos vinte anos, foi a aparición de rexionalismos, nacionalismos, separatismos; é dicir, movementos de secesión étnica e territorial (...). Para a maior parte da xente, o "nacionalismo" catalán e vasco é un movemento artificioso que, extraído da nada, sen causas e motivos profundos, comeza de pronto hai uns cantos anos. Segundo esta maneira de pensar, Cataluña e Vasconia non eran antes dese momento unidades distintas de Castela ou Andalucía. Era España unha masa homoxénea, sen discontinuidades cualitativas, sen confíns interiores dunhas partes con outras(...).

O propósito deste ensaio é corrixir (...) o pensamento político ao uso, que busca o mal radical do catalanismo e biscaitarismo en Cataluña e Biscaia, cando non é alí onde se atopa. ¿Onde pois? Para min isto non ofrece dúbida: cando unha sociedade se consume vítima do particularismo, pode sempre afirmarse que o primeiro en mostrarse particularista foi precisamente o Poder central. E isto é o que pasou en España (...).

¿Resulta estraño que, ao cabo dun tempo, a maior parte dos españois, e desde logo a mellor, se pregunte: ¿para que vivimos xuntos? Porque vivir é algo que se fai cara a adiante, é unha actividade que vai deste segundo ao inmediato futuro. Non basta, pois, para vivir a resonancia do pasado, e moito menos para convivir. Por iso dicía Renan que unha nación é un plebiscito cotián. No secreto inefable dos corazóns faise todos os días un fatal sufraxio que decide se unha nación pode de verdade seguir sendo. ¿Que nos invita o Poder público a facer mañá en entusiasta colaboración? Desde hai moito tempo, moitos séculos, pretende o Poder público que os españois existamos nada máis que para que el se dea o gusto de existir. Como pretexto é excesivamente minguado; España vaise desfecendo, desfecendo... Hoxe xa é, máis que un pobo, a nubarrada de po que queda cando pola gran ruta histórica pasou galopando un gran pobo.

José ORTEGA Y GASSET. **España invertebrada**. 1921

2. O CATALANISMO

O catalanismo defínese como un amplo movemento de defensa dos intereses cataláns en todos os campos, desde o político ao cultural. Na súa orixe está a conciencia colectiva das particularidades de Cataluña con respecto ao resto dos pobos de España. Na potenciación deste sentimento xogaron un importante papel as transformacións económicas vinculadas coa revolución industrial, así como as políticas orixinadas pola revolución liberal. O catalanismo foise configurando e matizando desde as décadas centrais do século XIX, e adquiriu plena vertebración nas décadas finais deste século e nas iniciais do XX.

As manifestacións do catalanismo foron múltiples, destacando reivindicacións culturais e políticas que, en moitos casos, van unidas. O catalanismo político presenta unha ampla **variedade ideolóxica** (desde o tradicionalismo conservador ao federalismo republicano), **social** (unhas vinculadas aos grupos burgueses e outras ao proletariado urbano e campesiños) e **estratéxica** (desde a colaboración e participación no goberno do Estado español á creación dun Estado propio e independente, así como a defensa do autogoberno e do federalismo).

2.1 A personalidade diferencial de Cataluña

Desde a Idade Media, Cataluña mantivo, primeiro dentro da Coroa de Aragón e despois dentro da Monarquía española, institucións, leis e costumes diferenciadas. A oposición dos cataláns á instauración dos Borbóns en España rematou coa súa derrota e a abolición dos seus privilexios forais en 1714 (agás o seu dereito civil. Ao longo do século XVIII, as vantaxes económicas obtidas de poder comerciar con América debilitaron o particularismo catalán, a pesar da política de castelanización e uniformización da administración e da lingua desenvolvida polos Borbóns. Sen embargo, a crise do Antigo Réxime e o desenvolvemento das revolucións industrial e liberal, provocou a progresiva exaltación dos valores considerados como específicos dos cataláns especialmente o sentimento de identidade colectiva fronte ao resto de España.

Diversos **factores**, potenciados desde os sectores catalanistas, contribuíron ao fomento destas diferencias:

- A existencia dunha **lingua propia**, empregada maioritariamente por todas as clases sociais. A partir da década de 1830 desenvolveuse un proceso de dignificación da lingua como medio literario e culto -a *Renaixença*-, que avivou os sentimentos catalanistas e que deu orixe a diferentes publicacións e actos divulgadores destas ideas (como os Xogos Florais, iniciados en 1859, ou a creación de prensa especificamente catalana como o *Diario de Barcelona*, 1854).
- A permanencia dos **costumes** e do **dereito** tradicional catalán, que contén importantes diferencias con respecto a outras áreas peninsulares.
- A conciencia dun **pasado** histórico glorioso, do que se senten orgullo-sos, e do que proceden numerosos símbolos identificativos da personalidade catalana (a bandeira das cinco barras, o himno ou Canto dos Segadores, a Generalitat...); este pasado, marxinado polas historias oficiais españolas, servirá a xuristas e políticos para argumentar as súas reivindicacións catalanistas.
- O desenvolvemento **industrial**, que contrastaba fortemente co resto de España, predominantemente agrario. A Barcelona fabril fronte a un Madrid de funcionarios e militares con intereses e políticas económicas diferentes: o proteccionismo industrial catalán fronte ao librecambismo castelán-andaluz. Estas diferencias orixinaron numerosos tópicos: o catalán aforrador e traballador fronte ao castelán ocioso e pre-suntuoso que acentuaron as diverxencias.
- A **marxinación política** fronte á centralización na toma das decisións en Madrid e a pouca consideración dos intereses da burguesía catalana (entre 1833 e 1901 houbo só 24 ministros cataláns sobre un total de 902) acentuaron as críticas do catalanismo sobre a ineficacia das medidas dos gobernos españois.

As queixas dos cataláns

Cataluña quizá é a provincia que máis contribúe ao erario público; quizá é a primeira en que fixa a súa mirada o Goberno nos seus apuros (...). Sen embargo, o laborioso catalán sofre os sarcasmos do ocioso castelán; polo xeral considérase bárbaro e bruto, como as montañas onde vive, e para colmo de ignominia, como se se tratase dun pobo conquistado, enchen desde Madrid as súas oficinas públicas, mandándolle verdugos e vampiros para que a martiricen e desangren (...). Sen valorar o fermoso idioma con que nos expresamos vulgarmente, teñen unha animadversión cara a nós tan mal disimulada que provoca nos do país un sentimento igual para con eles (...). Parto cansada de sufrir a mandaríns estranxeiros, enviados polas disposicións intrigantes que se toman en Madrid, quere (...) que se lle teña en maior consideración; que non lle neguen aquela parte que en xustiza lle pertence nos negocios públicos, e que o nome de catalán sexa por todas partes obxecto das atencións que se merece no século XIX un pobo industrioso e traballador.

El Nuevo Vapor [diario liberal]. 2-11-1835

O inconformismo catalán propiciou a aparición e desenvolvemento de distintas doutrinas que defendían a necesidade de dispoñer dun autogoberno propio. Neste sentido é apreciable un progresivo aumento das reivindicacións que, se inicialmente se limitan a afirmar as diferencias catalanas dentro de España, chegan á conclusión de que Cataluña constituía unha nación distinta e que, polo tanto, tiña dereitos soberanos para formar un Estado dotado de goberno propio.

2.2 O rexionalismo catalán

A partir da década de 1880, o catalanismo político foise desenvolvendo e crescendo en amplitude e organización. As primeiras manifestacións tiveron carácter rexionalista, defendendo o autogoberno catalán sen discutir a unidade nacional de España. Ideoloxicamente este rexionalismo catalán estivo dividido en dúas tendencias: unha progresista e laica e outra tradicionalista e conservadora.

- A **tendencia progresista**, encabezada polo federalista Valentí Almirall, foi a que iniciou a reivindicación política catalana, reivindicación que vinculou á idea de modernización e transformación do país; foi o fundador do *Diari Català* (1879), a primeira publicación diaria en catalán; do *Centre Català* (1882), considerado como o primeiro organismo defensor dos intereses especificamente cataláns; e da publicación *Lo catalanisme* (1886), en defensa do particularismo catalán. Tamén froito do impulso de Almirall e do Centro Catalán foi a presentación, en 1885, dun **Memorial de agravios** ao rei Afonso XII durante a súa visita a Cataluña. Tratábase dunha medida de presión sobre o Goberno no que se denunciaba a política librecambista, se facían propostas sobre un novo Código Civil, e se pedía a modificación da estrutura centralizada do Estado para dar cabida a unha organización rexional de España. O Goberno rexeitouno de plano.

O Memorial de agravios

(...) rexional adecuado (...). Desexámolo non só para Cataluña, senón para todas as provincias de España; e se falamos no nome de Cataluña é porque somos cataláns e porque nestes momentos sentimos como nunca os males que o centralismo nos causa.

Señor: estamos privados do noso sistema administrativo (...). Non podemos usar a nosa lingua máis que nos nosos fogares e en conversas familiares (...). E como se todo isto non fose bastante, hai tempo que se nos vén ameazando con destruír, ou cando menos adulterar, o noso dereito civil (...). A pesar de que a tendencia chamada librecambista non conseguiu ata agora impoñer as súas solucións radicais á lexislación económica, maniféstase, sen embargo, constantemente en todas as situacións e desde hai moitos anos é unha espada de Damocles suspendida sobre a produción (...).

O día máis feliz da nosa vida, tanto para nós como para a gran maioría dos españois, sería aquel en que, restaurada a vida das rexións (...), puideramos xuntos lanzar ao vento (...) un berro atronador de ¡viva España!, no que se mesturaran todas as linguas nacionais, oficialmente iguais en categoría, e unidas nun único sentimento.

Memorial en defensa dos intereses morais e materias de Cataluña. 10-3-1885

- A **tendencia conservadora** foi a que tivo máis capacidade de actuación e de influencia na vida política española. En 1887 fundouse a **Liga de Cataluña** da que formaron parte algúns dos futuros dirixentes do catalanismo como Prat de la Riba, Puig i Cadafalch e Cambó. Pola súa iniciativa creouse en 1891 **Unión Catalanista** na que se federaron diversas entidades e organizacións; na súa primeira asemblea, celebrada en Manresa, aprobouse un proxecto autonomista de carácter conservador...

As Bases de Manresa

Base 3ª A lingua catalana será a única que, con carácter oficial, poderá utilizarse en Cataluña e nas relacións desta rexión co poder central.

Base 4ª. Só os cataláns de nacemento ou por virtude de naturalización, poderán desempeñar en Cataluña cargos públicos.

Base 6ª. Cataluña será a única soberana do seu goberno interior. Polo tanto, dictará libremente as súas leis orgánicas; coidará da súa lexislación civil, penal, mercantil, administrativa e procesal (...).

Base 7ª. O Poder lexislativo rexional radicarán nas Cortes catalanas (...). As Cortes serán formadas por sufraxio de todos os cabezas de familia agrupados en clases fundadas no traballo manual, na capacidade ou nas carreiras profesionais e na propiedade, industria e comercio.

Base 9ª. Exercerán o Poder executivo cinco ou sete altos funcionarios nomeados polas Cortes, os cales estarán d fronte das diversas ramas da administración rexional.

UNIÓN CATALANISTA. Bases para a Constitución rexional catalana. 27-3-1892

2.3 O nacionalismo catalán

O catalanismo político foi evolucionando cara a posicións nacionalistas. Foi Enric Prat de la Riba o primeiro en identificar Cataluña como nación, pois contaba cos requisitos para ser considerada como tal: lingua, dereito, territorio, conciencia da súa existencia diferencial e vontade de auto-gobernarse; nas súas argumentacións predominaban os elementos organicistas, historicistas e posibilistas.

Patria, nación, Estado

P. ¿Cal é a patria dos cataláns?

R. Cataluña (...).

P. España, ¿non é pois a patria dos cataláns?

R. Non é máis que o Estado, a agrupación política á que pertencen (...).

P. ¿Que diferenza hai entre o Estado e a Patria?

R. O Estado é unha entidade política, artificial, voluntaria; a Patria é unha comunidade histórica, natural, necesaria. O primeiro é obra dos homes; a segunda é froito das leis ds que Deus suxeita a vida das xeracións humanas (...).

P. ¿Que exemplo, na historia contemporánea, fai palpables estas diferencias?

R. O de Polonia. O Estado polaco morreu cando os exércitos de Austria, Prusia e Rusia o despedazaron; pero Polonia segue e continúa sendo a única patria dos desgraciados polacos.

P. ¿Que é, pois, a Patria?

R. A comunidade de xentes que falan unha mesma lingua, teñen unha historia común e viven irmandados por un mesmo espírito que marca cun mesmo selo orixinal e característico todas as manifestacións da súa vida (...).

P. ¿Que frase célebre resume as nosas aspiracións e constitúe o lema da nosa bandeira?

R. Cataluña para os cataláns.

P. ¿Que significa esta frase?

R. Que en Cataluña deben gobernar os cataláns e non, como hoxe, os casteláns ou os políticos à castelá (...).

P. ¿Que máis debemos reivindicar?

R. O dereito indiscutible de Cataluña a constituírse e organizarse segundo as súas necesidades e carácter, e a darse toda clase de leis que máis se acomoden á súa maneira de ser.

P. ¿Como podemos harmonizar estas xustísimas reivindicacións coa unidade política de España?

R. Por medio da organización rexionalista, que consiste na unión federativa das antigas nacionalidades españolas.

Enric PRAT DE LA RIBA, Pere MUNTANYOLA. **Compendio de doutrina catalanista**. 1894

Para harmonizar o autogoberno catalán coa unidade de España, propuxo a fórmula da federación das diferentes nacións e nacionalidades ibéricas que constituirían España como un Estado composto.

Estado catalán e Federación española

Consecuencia de toda doutrina aquí exposta é a reivindicación dun Estado catalán, en unión federativa cos Estados das demais nacionalidades de España. Do feito da nacionalidade catalana nace o dereito á constitución dun Estado propio, dun Estado catalán. Do feito da unidade política de España, do feito da convivencia secular de distintos pobos, nace un elemento de unidade, de comunidade, que os pobos unidos deben manter e consolidar. De aquí o Estado composto.

Estes dous feitos primarios, fundamentais – o da personalidade nacional de Cataluña e o da unidade de España – resólvense nunha fórmula de harmonía que é a Federación española.

Así, o nacionalismo catalán, que nunca foi separatista, que sempre sentiu intensamente a unión fraternal das nacionalidades ibéricas no seo da organización federativa, é a aspiración elevada dun pobo que, consciente do seu dereito e da súa forza, marcha con paso firme polo camiño dos grandes ideais da humanidade.

Enric PRAT DE LA RIBA. **A nacionalidade catalana**. 1906

As ideas de Prat de la Riba foron a base do **nacionalismo catalán conservador**, apoiado polos sectores burgueses e tradicionalistas. En 1901, os sectores conservadores do catalanismo fundaron a **Liga Rexionalista de Cataluña** co obxectivo de participar activamente na vida política catalana e española. Os seus triunfos electorais convertérona na forza decisiva en Cataluña. En 1906, os ataques dos militares aos catalanistas e a imposición da Lei de Xurisdicións fixeron que a Liga entrase a formar parte de Solidaridade Catalana, xunto con republicanos e carlistas. Os éxitos políticos desta coalición reforzaron o catalanismo e puxeron en dificultades aos gobernos de Madrid que, a partir de entón, buscaron atraerse á súa política á Liga e aos seus dirixentes.

En 1911, a Liga elaborou un proxecto para a creación dunha institución administrativa única para Cataluña, a Mancomunidad Catalana, que asumiría todas as competencias das deputacións provinciais e outras que delegaría o Estado. En 1913, as presións catalanistas culminaron coa aprobación, polo goberno de Dato, da Lei de Mancomunidades que permitía a formación de gobernos interprovinciais, con finalidades exclusivamente administrativas, mediante a asociación dos concellos e das deputacións. De acordo con esta lei, en 1914 constituíuse a **Mancomunidad de Cataluña** que foi o primeiro recoñecemento da súa personalidade política e xurídica e que funcionou ata 1925 (suprimida pola ditadura de Primo de Rivera). A influencia da Liga seguiu crescendo e o seu dirixente máis destacado, **Francesc Cambó**, formou parte, entre 1917 e 1922, de diferentes gobernos de Madrid.

Tras a fin da I Guerra mundial, a aplicación do principio das nacionalidades á hora de deseñar o novo mapa europeo reactivou a presión dos catalanistas por conseguir para Cataluña unha autonomía completa; estes desexos levaron aos catalanistas, encabezados pola Liga e a través da Mancomunidad, a elaborar en 1919 un proxecto de Estatuto de autonomía que foi rechazado polo goberno central.

A autonomía para Cataluña

Art.1. O territorio de Cataluña estará constituído polo que forman na actualidade as provincias de Barcelona, Xirona, Leida e Tarragona.

Art.3. O Goberno de Cataluña, integrado por un Parlamento, un Poder executivo e un Gobernador xeral, rexera con plena e definitiva autoridade a vida interior de Cataluña.

Art.4. Contra os acordos e resolucións do Goberno de Cataluña nas materias atribuídas á súa potestade non cabe recurso ante as autoridades do Poder central.

Art. 16. Integran o Parlamento rexional dúas Cámaras iguais en facultades: o Senado e o Congreso.

Estatuto para a Autonomía de Cataluña aprobado pola Asemblea da Mancomunidad. 25-1-1919

Paralelamente, desenvolveuse tamén un **nacionalismo catalán progresista e republicano**. Un dos seus principais representantes foi **Antoni Rovira i Virgili**, quen nas súas obras políticas e históricas insistiu na idea de Cataluña como nación forxada pola historia, pero sobre todo pola vontade dos individuos que a conforman. Así mesmo, defendeu a creación dun Estado catalán baseado e consolidado pola democracia, as liberdades cidadáns, o reformismo social o laicismo e o republicanismo.

No terreo organizativo, o catalanismo de esquerdas caracterizouse pola súa fragmentación e vinculación co republicanismo (Centro Nacionalista Republicano, 1906; Unión Federal Nacionalista Republicana, 1910-17; Partido Republicano Catalán, 1917). Foron tamén os catalanistas de esquerda os que crearon as primeiras organizacións abertamente independentistas baixo a dirección de **Francesc Maciá** (Federación Democrática Nacionalista, 1919; Estado Catalán, 1922).

Todas as reivindicacións catalanistas, de calquera signo, quedaron anuladas durante a ditadura de Primo de Rivera. Sen embargo, a represión do catalanismo contribuíu a súa radicalización e favoreceu o reagrupamento das forzas da esquerda nacionalista e republicana que en 1931, tras a desaparición da ditadura, formarán Esquerza Republicana de Cataluña, forza que se convertera en hexemónica en Cataluña durante a República.

3. O NACIONALISMO VASCO

Desde época medieval, as provincias vascas - Guipúscoa, Biscaia e Álava - mantiveron, primeiro dentro da Coroa de Castela e despois na Monarquía española, un status especial e particular definido polos seus privilexios forais que lles garantían diferentes dereitos: fidalguía universal, sistema fiscal propio, institucións administrativas e xurisdicionais específicas (Xuntas Xerais de cada provincia), aduanas internas que as separaban de Castela, restricións das obrigacións militares (só as prestaban no seu territorio), limitación do poder real (o rei debía xurar os privilexios e as súas ordes estaban sometidas ao *pase foral*: acatábanse, pero non se cumprían ata que se tiveran en conta os intereses das provincias). Os mesmos privilexios conservaba o reino de Navarra.

3.1 Carlismo e foralismo

O desenvolvemento da revolución liberal causou un forte impacto nos territorios vascos. A defensa e imposición da igualdade ante a lei e da uniformización administrativa e económica en toda España por parte dos liberais significaba a eliminación dos privilexios forais. A aprobación e promulgación da Constitución de Cádiz en 1812 supuxo a eliminación dos privilexios vascos e de Navarra, polo que se orixinou un forte sentimento de oposición a estas medidas. En 1814, a restauración do absolutismo por Fernando VII reinstaurou o sistema foral do Antigo Réxime.

O problema foral vasco e navarro agravouse a partir de 1833. A guerra sucesoria entre Sabela II e Carlos María Isidro de Borbón, que enfrontaba aos partidarios das reformas liberais cos partidarios do absolutismo e do Antigo Réxime, conlevou tamén nas provincias vascas e en Navarra un enfrontamento entre os partidarios do mantemento foral e os da súa supresión. O respecto e recoñecemento dos privilexios forais por parte de Carlos de Borbón explica o apoio dos vascos ao carlismo. A disputa entre ambas concepcións políticas, centralismo liberal-foralismo carlista, dirimiuse nunha longa guerra civil que rematou en 1839 coa sinatura do Convenio de Vergara e o acordo ambiguo de respectar os seus privilexios en todo o que non fose contra a unidade constitucional de España.

As negociacións para lograr unha conciliación entre o mantemento das tradicións e a implantación do sistema xudicial, electoral, aduaneiro e militar común a toda España culminaron con éxito no caso de **Navarra**: pola Lei paccionada de 1841 Navarra deixaba de ser reino para converterse nunha provincia especial que mantiña a súa autonomía fiscal e administrativa. No caso das **provincias vascas**, a negativa dos seus representantes a introducir modificacións levou á supresión dos seus dereitos forais por Espartero en 1841. En 1844, os gobernos moderados restableceron parcialmente os privilexios tradicionais, recoñeceron a existencia das Deputacións forais e o mantemento das exencións fiscais, agás o pago dun cupo económico, mentres que se implantaban as normas electorais e xudiciais comúns e quedaban eliminadas as aduanas interiores.

A partir de 1872 os carlistas desenvolveron unha nova guerra, que de novo contou con apolos nas provincias vascas e Navarra; derrotados en 1876, o Goberno de Cánovas suprimiu os privilexios vascos, establecendo a igualdade administrativa e contributiva, tanto militar como fiscal, co resto das provincias españolas. Sen embargo, en 1878, ante as protestas vascas, Cánovas concedeu ás Deputacións das provincias vascas a capacidade para distribuír as quintas militares e recadar as rendas e impostos cos que debían contribuír ás cargas do Estado en virtude dun continente establecido e negociado co Goberno central; foi o **Réxime do concerto económico** que se mantivo vixente ata 1937.

A abolición dos dereitos forais vascos provocou un sentimento de frustración nos sectores tradicionalistas, que mantiveron viva a reivindicación de conseguir a reintegración foral plena. Ao mesmo tempo, tina lugar o desenvolvemento dunha rápida industrialización que potenciou as transformacións sociais e económicas nas provincias vascas. Ambos procesos foron considerados polos tradicionalistas como unha ameaza para a supervivencia da sociedade, da cultura, dos costumes e das tradicións vascas. Neste contexto xurdiu un pensamento nacionalista fortemente independentista e belicoso encabezado por Sabino Arana.

3.2 Sabino Arana Goiri

Educado no seo dunha familia carlista, o seu pensamento maniféstase abertamente contrario ás transformacións sociais e políticas que estaba a introducir o liberalismo e a industrialización nas provincias vascas. Baseándose na crenza da liberdade inmemorial dos vascos fronte aos demais pobos, e na idea de que a súa incorporación á Coroa de Castela na Idade Media foi pactada e voluntaria e non por conquista, Sabino Arana, ante a abolición dos privilexios e o perigo da desvasquización, defendeu de forma vehemente a independencia dos territorios vascos fronte a España e Francia e a súa unión nunha nova entidade política que el denominou *Euzkadi*.

No domingo de resurrección de 1882 (data que foi convertida no *Aberri Eguna* ou Día da Patria Vasca) Sabino Arana decatouse definitivamente de que España non era a súa patria e comezou a elaborar as súas propostas nacionalistas. En 1894, Sabino Arana fundou en Bilbao o *Euskaldun Batzokija*, unha sociedade político-recreativa creada co obxectivo de defender o restablecemento dos dereitos e costumes vascos, así como a independencia de Euskadi. A nova entidade política, formada pola confederación de todos os territorios vascos, debía basear o seu goberno nun lema, *Jaungoikua eta Lagizarra* (Deus e leis antigas): nunha bandeira, a *ikurriña*; nunha lingua, o *euskera*; e nun inimigo, os *maketos* (inmigrantes españois).

Deus e a lei antiga

Art.3°. *Jaungoikua*. Biscaia será católica-apostólica-romana en todas as manifestacións da súa vida interna e nas súas relacións cos demais pobos.

Art.40. *Lagizarra*. Biscaia constituirase libremente. Restablecerá en toda a súa integridade o esencial das súas leis tradicionais chamadas foros. Restaurará os bos usos e costumes dos nosos maiores. Constituirase, se non exclusivamente, principalmente con familias de raza euskeriana. Sinalará o Euskera como lingua oficial.

Art.8°. Sendo Biscaia pola súa raza, lingua, fe, carácter e costumes, irmá de Álava, Benabarre, Guipúscoa, Lapurdi, Navarra e Suberoa, ligarase ou confederarase con estes seis pobos para formar un todo chamado Euskeria, pero sin mingua da súa particular autonomía. Esta doutrina exprésase co principio seguinte: Biscaia libre en Euskeria libre.

Art. 12°. Prohíbese: a blasfemia, os cantares impíos e obscenos, os xogos de azar e os cantos xenuinamente españois.

Sabino ARANA GOIRI. **Regulamento de Euskaldun Batzokija**. 24-5-1894

Para Sabino Arana, a raza vasca, o integrismo católico, os privilexios vascos, o *euskera*, os costumes e o folclore tradicionais son os elementos que definen a nación vasca. Pero xunto a estes valores propios, argumentou extensamente sobre un elemento que, na súa opinión, contribuía negativamente ao mantemento e desenvolvemento do vasquismo: os *maketos*, é dicir, os non vascos. A chegada, como consecuencia do despegue industrial, de miles de traballadores de diversas zonas de España, foi considerada por Arana e os tradicionalistas e nacionalistas vascos como unha ameaza para as esencias vascas. Por iso para eles, a defensa da tradición e da pureza vasca pasa polo desprezo dos *maketos* e do que eles representan: a desvasquización, o españolismo, o liberalismo e o ateísmo. O nacionalismo vasco nacía cun forte compoñente racista e unha rotunda distinción e separación entre vascos e non vascos.

Os maketos

O *maketo*, jaí está o inimigo! E non me refiro a unha clase determinada de *maketos*, senón a todos en xeral: todos os *maketos*, aristócratas e plebeos, burgueses e proletarios, sabios e ignorantes, bos e malos, todos son inimigos da nosa Patria. Enténdase que non os aborrecemos porque si (...). Pero o español (...) é o noso dominador e o noso parásito nacional: someteunos privándonos da condición a que todo home e todo pobo ten dereito: a liberdade (...).

Non se crea, sen embargo, que remedio está hoxe en empuñar o fusil contra o *maketo*. Nada diso. O remedio está en desterrar da nosa mente e do noso peito toda idea e todo afecto españolista (...); en unírnos despois baixo a tradicional bandeira da nosa única Patria, baixo o sagrado lema de *Jaungoikua eta Lagizarra*, Deus e Tradición, Relixión e Política biscaíñas.

Sabino ARANA GOIRI. **Obras completas**.

Entre o cúmulo de terribles males que aflixen hoxe á nosa amada Patria, ningunha tan terrible e aflitiva (...) como o roce dos seus fillos cos fillos da nación española.

Sabino ARANA GOIRI. Efectos da invasión. **Baserritarra** [semanario bilbaino], 11-7-1897

3.3 O Partido Nacionalista Vasco

Foi tamén Sabino Arana o fundador, en 1895, do Partido Nacionalista Vasco. A partir de 1898, os nacionalistas vascos presentáronse ás eleccións, logrando os primeiros éxitos. Tras a morte de Arana en 1903, o PNV, baixo a dirección de Ángel Zabala, completou a súa organización (constitución do *Euzkadi Buru Batzar*) e precisou os seus estatutos en 1906.

Obxectivos do PNV

Ao pobo vasco. Ameazada de morte a nacionalidade vasca polo perigo que corre a raza, a punto de desaparecer o seu idioma e adulterados o seu espírito e tradición, o nacionalismo vasco aspira a purificar e vigorizar a raza, a depurar e difundir o euskera ata conseguir que sexa a única lingua de Euskadi e a purificar o espírito e esclarecer a tradición do pobo vasco, encamiñando os seus traballos en cuanto a esa fin:

A. A que o pobo vasco siga, fervorosamente, as ensinanzas da Igrexa católica, apostólica e romana, como as seguiu e observou en tempos pasados (...).

B. A que volvan a imperar os bos usos e costumes esquecidos, fomentando que se conservan e combatendo os exóticos e prexudiciais.

C. A que as institucións políticas, xurídicas, económicas, etc, características do pobo vasco, volvan a ter vixencia e acción, acomodadas, no que se precise, á realidade dos tempos actuais (...).

O seu ámbito de acción é Euskadi, ou sexa, todas as rexións do País Vasco que se denominan Alava, Guipúscoa, Navarra, Biscaia, Laburdi e Zuberoa, solar da raza vasca.

Manifesto do Partido Nacionalista Vasco, 15-12-1906

En 1911, os nacionalistas vascos fundaron o sindicato Solidariedade de Traballadores Vascos (en vasco *Eusko Langille Alkartasuna*, orixe do actual ELA-STV) coa finalidade básica de contrarrestar a influencia socialista e anarquista nos medios obreiros. Paulatinamente, o movemento nacionalista foi crescendo e ampliando a súa influencia e poder. Sen embargo, foron aparecendo dúas tendencias diferenciadas: unha de radicais independentistas e outra de autonomistas moderados e posibilistas. As dúas tendencias trataron de dominar o PNV causando tensións e divisións. En 1916 o PNV cambiou o seu nome polo de Comunión Nacionalista Vasca, para reflectir o seu carácter de partido católico defensor de toda a comunidade.

En 1921, as diferencias internas entre o sector posibilista e pragmático, partidario do autonomismo e de conseguir a plena reintegración foral sen romper coa unidade de España, e o sector radical, separatista e defensor da independencia, propiciou a ruptura da Comunión Nacionalista Vasca. O sector radical (os *aberrianos*), expulsados da CNV, decidiron refundar o PNV. Ambas organizacións non se diferenciaban nos principios ideolóxicos senón na táctica e estratexia para conseguir a restauración foral. En 1923, tras o golpe de Estado de Primo de Rivera, foron suprimidas as organizacións políticas vascas, quedando o nacionalismo relegado a actos culturais, folclóricos e deportivos. En 1930, as dúas tendencias do nacionalismo vasco uníranse de novo no PNV.

4. O GALEGUISMO

A partir de mediados do século XIX, xurdiu en Galicia unha progresiva toma de conciencia das súas particularidades unida á defensa dos seus intereses económicos e políticos. O resultado foi a configuración dun heteroxéneo movemento, o **galeguismo**, que reivindica, con maior ou menor intensidade e radicalidade, o recoñecemento dos intereses de Galicia, a defensa do galego e do autogoberno.

A pesar de que o movemento galeguista contou con destacados teóricos e defensores, o seu grao de implantación na sociedade foi escaso. Durante o século XIX estivo limitado a determinados círculos minoritarios de intelectuais e políticos; ás masas populares non participaron de forma activa nas reivindicacións galeguistas ata ben entrado o século XX. A configuración do galeguismo foi un proceso evolutivo no que se diferencian con claridade tres fases: provincialismo (1840-1885), rexionalismo (1885-1916) e nacionalismo (1916-1936). En todas elas, o punto de partida da reivindicación galeguista está no recoñecemento da pobreza, atraso e, afastamento de Galicia, así como no sentimento de aldraxe ante o esquecemento e a marxinación que padece por parte dos políticos e dos gobernos de Madrid.

Abandono e explotación de Galicia

Non temos unha soa cidade populosa, porque se negou todo elemento de riqueza ás nosas poboacións durante tres séculos; sobre os nosos campos pesaron sempre tanto e tan duramente os impostos, que pode dicirse que pronto habemos de velos desertos. A emigración non é xa un mal pasaxeiro, senón unha necesidade. Lugares enteiros venden as súas terras, se poden; se non, pechan as casas, entregan as chaves ao crego, e inician o seu camiño. Só lles falta queimar

os osos dos seus pais para que a despedida sexa como para sempre. Mentres tanto, para deputados e ministros é un gran problema a cuestión militar, mentres se desangra e morre esquecido un país que representa a oitava parte da poboación de España. Tales son os resultados da centralización.

Manuel MARTÍNEZ MURGUÍA. **O rexionalismo galego**. Lixeiras observacións ao discurso lido por don Antonio Sánchez Moguel na súa recepción na Real Academia da Historia. 1889

4.1 Os alicerces do galeguismo

En torno á década de 1840 xorden en Galicia as primeiras reivindicacións en defensa da propia personalidade e de crítica ao centralismo político.

Politicamente están relacionadas cos movementos provincialistas que se dan en toda España, encadrables na problemática da definición do modelo de Estado (centralismo dos moderados fronte a descentralización dos progresistas). Culturalmente coinciden cos movementos que en toda Europa, influenciados polo romanticismo, potenciaron o estudo e a defensa dos elementos diferenciadores e identificadores da propia comunidade: a súa historia, cultura e lingua.

O descubrimento de Galicia como unha unidade perfectamente diferenciable doutros pobos foi labor da **xeración de 1846**, un fato de homes entre os que destaca Antolín Faraldo, que a través dos seus escritos puxeron de manifesto as principais características diferenciadoras de Galicia e os problemas que padecía: falta de industrialización, ruralización, atraso, illamento, excentralización (entendida como debilidade da articulación interna e falta de espírito de unión)...

Atraso, illamento, excentralización

O illamento das poboacións, esta é a causa de todos os males de Galicia e o obstáculo invencible a todo progreso que se intente, a toda mellora que se formule. A nulidade e a desgracia pasarán eternamente sobre Galicia mentres non desapareza ese illamento, esa falta de relacións e de actividade social tan remarcable na nosa provincia. Diseminados prodixiosamente, sen medios de comunicación pola falta de camiños e canais, sen industrias, sen acción literaria, esas pequenas poboacións rurais que cobren o chan galego parecen estar fóra da influencia da civilización, a pesar de formar a gran masa da sociedade galega.

Antolín FARALDO ASOREY. Últimas consideracións sobre Galicia. **El Recreo Compostelano**, decembro 1842

¿Debe sorprendernos que o pobo galego manifeste unha viva e enérxica tendencia a separase, a excentralizarse baixo todos os aspectos? ¡Sempre aldeas, xamais cidades! E deste instinto tradicional e popular, fomentado pola organización da propiedade orden todos os males que despezan o corazón do noso pobo. A excentralización privounos dunha capital que fose o depósito do prestixio e da forza, o centro do movemento moral, industrial e literario, o axitador, en fin, dos fecundos elementos que atesouran as catro provincias unidas.

Antolín FARALDO ASOREY. Artigo, **El Eco del Comercio** (Madrid), 15-9-1845

Xunto coa denuncia dos problemas que padecía Galicia, aparecen as primeiras formulacións dun pensamento político que defende a potenciación do autogoberno local e a existencia de institucións de goberno propias como as vías máis axeitadas para darlles solución. A primeira posta en práctica destas ideas manifestouse no **pronunciamento de 1846**. Encabezado por Miguel Solís Cuetos contra o Goberno moderado de Narváez, propiciou a formación en Santiago dunha Xunta Superior de Goberno de Galicia que denunciou a explotación que padecía o pobo galego e o desexo de rexenerar a súa riqueza e prestixio. A pesar do fracaso de Solís (fusilado, xunto con once dos seus compañeiros en Carral), as súas propostas non quedaron esquecidas e foron continuadas, desde perspectivas diferentes, tanto polos republicanos federais (que en 1883 elaborarían un proxecto de Constitución para o futuro Estado Galaico) como polos rexionalistas galegos.

Paralelamente, no eido da cultura, desenvolveuse un activo movemento de recuperación histórica e literaria, o **Rexurdimento**, protagonizado por Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Francisco Añón... Eles iniciaron o movemento de recuperación e defensa do emprego do galego como lingua non só popular senón tamén literaria (publicación en 1853 de *A gaita galega* de Pintos, primeiro libro galego contemporáneo; celebración dos Xogos Florais en 1861, publicación do *Álbum da Caridade* en 1862 e de *Cantares Galegos* de Rosalía de Castro en 1863... Así mesmo, os historiadores, fundamentalmente Benito Vicetto e Manuel Murguía (que publican a partir de 1865 cadansúa *Historia de Galicia*) contribuíron, cos seus traballos de recuperación e interpretación do pasado de Galicia, a subministrar argumentos ao nacente galeguismo, xustificando o dereito a dispor dunha organización política propia que recoñecese a situación xeográfica especial de Galicia, a presenza duns costumes e dunha lingua diferentes, a existencia dun pasado glorioso e, sobre todo, a crenza dunhas orixes do pobo galego vinculados á raza celta, considerada superior a dos restantes pobos peninsulares (celtismo).

4.2 O rexionalismo galego

De modo paralelo ao que sucede noutras zonas de España, na década de 1880 aparece en Galicia un movemento de carácter rexionalista, é dicir, un movemento que busca, xustifica e defende especificamente para Galicia tanto o emprego da lingua propia como a consecución do dereito á autonomía política e administrativa sen rachar a unidade do Estado español. A defensa do rexionalismo galego foi formulada desde dúas posturas ideolóxicas diferentes: unha liberal liderada por Manuel M. Murguía e outra conservadora, tradicionalista e católica representada por Alfredo Brañas.

Manuel Martínez Murguía foi o primeiro defensor da existencia dunha nacionalidade galega diferente ás demais, xustificando a súa realidade en razóns étnicas, idiomáticas, xeográficas, e históricas. Partindo dunha posición liberal, Murguía reivindicou para Galicia o dereito a recobrar a súa autonomía política que só se podía lograr mediante unha ampla descentralización administrativa e económica.

A xustificación rexionalista

As rexións, ou se se quere mellor, as nacións con minúscula, resisten con instintiva enerxía ao aniquilamento que as ameaza. Que o prazo no que teñan que alcanzar a vitoria sexa máis ou menos longo, importa pouco; o certo, o indubidable para nós é que o triunfo será seu.

Lingua distinta, díxose sempre, distinta nacionalidade. Sentíndoo así, Galicia tívose sempre por nación de feito; o mesmo cando tiña reis e condes propios que incorporada á coroa de Castela. É un feito, pois, que pola orixe, polo territorio e a linguaxe, de igual maneira que pola súa historia e a comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos do noroeste forman unha nación con caracteres propios, distinta das que constitúen o Estado español. Tamén é un o que hoxe non vive a desgusto, pero tampouco de tan boa vontade como se supón, baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contrarias. Trata con empeño de conservar canto é propio e recobrar, polo menos, a autonomía administrativa. Non quere que o poder central, que a descoñece, a governe como unha colonia. Desexa que a súa lingua sexa tan oficial como a do Estado. Que os que teñan que administrar xustiza e dirixir a conciencia do home do noso país, sexan escollidos entre os seus fillos. Que nas reformas necesarias para o seu benestar se lle escoite. Nunha palabra, quere a descentralización máis completa, baixo todos os aspectos e en todas as ordes, no moral, no intelectual, no político e no dos intereses materiais. ¿Hai nisto falta algunha de patriotismo?

Manuel MARTÍNEZ MURGUÍA. **O rexionalismo galego**. Lixeiras observacións... 1889

Alfredo Brañas Menéndez, desde posicións tradicionalistas e católicas, tratou de fundamentar as bases dun rexionalismo que puidese ser aplicado a todas aquelas comunidades que tivesen as mesmas aspiracións á autonomía política. Defendeu a idea da dobre patria (a grande e a pequena) coa finalidade de conxugar as reivindicacións rexionalistas coa unidade de España, e avogou pola formación de institucións propias para o goberno das rexións. Para Galicia, a súas propostas incluían o catolicismo como trazo fundamental da alma galega e o corporativismo social e gremial como base da composición das futuras institucións políticas rexionais.

Postulados do rexionalismo tradicionalista

Base 1. O fundamento do rexionalismo é a rexión natural autónoma segundo a cal os intereses peculiares e característicos das rexións xamais deben ser gobernados, dirixidos, unificados e confundidos cos sistemas xerais do Estado.

Base 2. O rexionalismo español considera a patria común e a patria natural ou pequena patria. A primeira está formada pola unión íntima e circunstancial das rexións. O rexionalismo afirma, pois, a integridade e a unidade da patria común española, contra o que xeralmente cren os seus detractores ignorantes ou de mala fe.

Base 4. O rexionalismo recoñece que a forma de goberno é esencial en toda organización política, pero non acepta unha determinada. O rexionalismo é ademais unha forma de goberno e, neste sentido, o rexionalismo é unha das especies de federación orgánica entre as demais que existen.

Base 13. O poder rexional estaría subordinado ao central só en canto ao mantemento da unidade da patria común, á independencia política de España e aos intereses xerais e comúns de todas as rexións pero sería autónomo e único soberano para dictar as leis interiores e peculiares de cada territorio rexional.

Base 14. O poder rexional exercería a súa función lexislativa por medio de Cortes ou Asembleas formadas ben polo sistema da representación de gremios e clases, ben polo máis axeitado ás tradicións e ao carácter de cada rexión.

Base 15. As Cortes rexionais elixirán os individuos do poder executivo, que se organizaría nunha forma semellante ao poder executivo central ou segundo as tradicións de cada rexión.

Base 22. Os cargos e empregos públicos, beneficios e honores deben outorgarse con preferencia, e en igualdade de circunstancias, aos naturais da rexión.

Base 24. A lingua rexional galega será de uso potestativo entre os naturais da nosa rexión, tanto na esfera oficial e pública como na privada, e obrigatoria nas escolas primarias en concorrencia co castelán.

Alfredo BRAÑAS MENÉNDEZ. **Bases xerais do rexionalismo e a súa aplicación a Galicia**. 1892

Foi tamén nesta época cando apareceron as primeiras organizacións de tipo galeguista (Asociación Rexionalista Galega, 1891; Liga Galega, 1897) e de defensa da lingua (Real Academia Galega, 1906); tamén se fundaron periódicos para a difusión dos seus ideais (A Rexión Galega, 1886; A Patria Galega, 1891; A Nosa Terra, 1907). A pesar da súa forte fundamentación teórica, as realizacións políticas do rexionalismo galego foron escasas sendo, ao mesmo tempo, fortes as diverxencias que existiron entre a corrente tradicionalista e a

En 1907, fundouse Solidariedade Galega coa intención de agrupar a todas as persoas e grupos defensores da descentralización (desde carlistas a federais), de participar na loita electoral e de contribuír ao fomento da riqueza de Galicia. O seu éxito foi relativo e breve, pero a súa preocupación polos problemas da transformación agraria contribuíu á creación de sociedades solidarias de ámbito campesiño e á celebración das Asembleas Agrarias de Monforte (en 1908, 1910 e 1911).

4.3 O nacionalismo galego

A partir de 1916, o pensamento político galeguista afirmou con rotundidade que Galicia é unha nación. Os escritos e as obras, entre outros, de Antón Vilar Ponte (Nacionalismo Galego, 1916), Vicente Risco (*Teoría do nacionalismo galego*, 1920; *O problema político de Galicia*, 1930), Ramón Villar Ponte (*Doutrina Nacionalista*, 1921) e Castelao (*Sempre en Galicia*, 1944) recolleron, fundamentaron e divulgaron os trazos esenciais da nación galega, analizaron os problemas que padecía e propuxeron solucións, alternativas e programas de transformación da realidade política e económica galega. Segundo eles, Galicia é unha nación perfectamente diferenciada e caracterizada pola súa lingua (o galego), a súa xeografía (a Terra galega), a súa raza (céltica), o seu espírito (a alma galega, a saudade), a súa cultura e a súa historia, elementos claramente selleiros con respecto aos demais pobos de España.

Galicia, nación

O idioma é un dos principais elementos de diferenciación dos pobos, o máis importante, porque un idioma é sempre o signo exterior e, se é o caso, determinante dunha cultura máis ou menos desenvolvida e, polo tanto, da alma colectiva independente. Basta o idioma para constituír unha minoría nacional. Pois Galicia posúe un idioma propio falado polas nove décimas partes da poboación, non só no campo, senón na maioría das cidades, como calquera pode comprobar. Agora ben, un idioma é unha mentalidade. Existe, pois, unha mentalidade galega, diferente da dos outros pobos de España. E apreciada ademais por todo o mundo, que sabe que existe un carácter galego, unha maneira especial de producirse e de comportarse propia dos galegos e nada máis que dos galegos.

Vicente MARTÍNEZ RISCO. **O problema político de Galicia**. 1930

¿Ten Galicia un idioma propio? Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués, Idioma apto e axeitado para ser vehículo dunha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.

¿Ten Galicia un territorio propio? Ninguén pode negalo. A entidade xeográfica galega ten fronteiras naturais perfectamente recortadas, e comprende algo máis que o territorio das nosas catro provincias. Aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político independente; pero non hai pobo español que nos avantaxe en amor á terra natal. A patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas.

¿Ten Galicia unha vida económica propia? A esta pregunta é doado responder afirmativamente. Pode dicirse que Galicia é un país precapitalista, poboado por traballadores que viven dun mísero xornal, que eles mesmos sacan da terra ou do mar; sen industrias suficientes para absorber o excedente de poboación campesiña e mariñeira; cun paro forzoso e cun déficit pecuniario constante, que se resolve pacificamente por medio da emigración.

¿Ten Galicia hábitos psicolóxicos reflectidos nunha comunidade de cultura? Non é posible negar a diferenciación psicolóxica de Galicia, bastaría lembrar ese afán, inconscientemente separador, dos que nos chaman "¡gallegos!" -con sorna- por creren que sendo diferentes somos contrarios a eles. A nosa Terra diferente crea hábitos peculiares de vida, que se manifestan en cada época baixo formas autóctonas de cultura.

¿Cal é o criterio dos galeguistas? Para nós, os galeguistas, Galicia é unha nación e ten o dereito e o deber de organizarse autonomicamente.

Alfonso RODRÍGUEZ CASTELAO. **Sempre en Galiza**. 1944.

Na doutrina nacionalista galega, á hora de lexitimar a existencia da nación, predominan claramente os elementos organicistas, culturais e históricos fronte aos elementos políticos. Os nacionalistas galegos manteñen, en liñas xerais, un mesmo **ideario común básico**: a denuncia do atraso económico e da opresión cultural de Galicia por Castela, a apoloxía da modernización da produción agropecuaria, a defensa da autonomía integral de Galicia, o rexeitamento do separatismo e o desexo de conseguir unha federación ibérica na que se poida reintegrar Portugal. As diferencias entre eles xorden por motivos políticos e sociais. Así, o **nacionalismo tradicionalista** (Antón Lousada, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde...) defendeu o predominio ideolóxico do catolicismo na sociedade galega, a hexemonía social e política da fidalguía e dos sectores intelectuais, e a preeminencia dos valores e actuacións culturais como obxectivo prioritario do nacionalismo; en cambio, o **nacionalismo democrático** (Xoán Vicente Viqueira, Castelao, Alexandre Bóveda...) toma o pobo galego como referente político das súas actuacións e busca alcanzar unha democracia compatible co pleno autogoberno de Galicia.

No terreo organizativo, o nacionalismo galego manifestouse inicialmente a través das **Irmandades da Fala**. En 1916 fundouse na Coruña, estimulada por Antón Vilar Ponte, a primeira destas irmandades que rapidamente se estenderon por toda Galicia. Os seus obxectivos foron tanto a defensa, dignificación e cultivo do idioma galego como a potenciación da propia identidade e a busca de solucións para os problemas económicos e políticos de Galicia. En 1918, en Lugo, celebrouse a primeira asemblea das Irmandades da Fala, a **I Asemblea Nacionalista**, na que se definiu o seu programa político: a busca da autonomía integral de Galicia.

A autonomía integral de Galicia

Tendo Galicia todas as características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba "rexionalismo" non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II. Problemas constituíntes.

1º. Autonomía integral para Galicia.

2º. Autonomía municipal, distinguindo o municipio aldeán do vilego, axeitándose o Concello aldeán sobre a base do recoñecemento da personalidade xurídica das parroquias (...).

3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

4º. Federación da Iberia.

III. Problemas políticos.

1º. Igualdade de dereitos para a muller (...).

4º. Creación do Poder Autónomo, representado por un Xuntoiro ou Parlamento Galego, elixido por sufraxio universal (...).

V. Facultades do Poder Galego.

1º. Nomeamento da Xunta gobernadora, que deberá exercer o Poder Executivo (...).

2º. Todas as funcións administrativas.

3º. Lexislación social, agás naqueles casos nos que os problemas sociais se estendan ás diversas nacións da Iberia (...).

4º. Réxime tributario, sen intervención do Poder Central, ao que soamente pagará o Autónomo as cantidades que se fixen nos concertos económicos.

5º. A potestade docente do Estado actual pasará enteira ao Poder Galego (...).

Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo. 18-11-1918.

Ao movemento das Irmandades da Fala incorporáronse numerosas personalidades da cultura e da intelectualidade galega, aínda que a súa repercusión popular foi minoritaria. As diferencias ideolóxicas e de estratexia política entre os partidarios da participación política nas eleccións e os partidarios da abstención, fixeron que o movemento se escindise en dúas liñas diferentes. Na IV Asemblea Nacionalista celebrada en Monforte de 1922, a meirande parte das Irmandades, encabezadas por Risco, decidiron fundar e integrarse na Irmandade Nacionalista Galega cun programa baseado preferentemente na propaganda cultural e de concienciación da sociedade galega e no abstencionismo electoral. En cambio, a Irmandade da Coruña, a de maior número de afiliados, decidiu, seguindo a Luís Peña Novo, a participación política nas eleccións.

Os nacionalistas e a participación política

O nacionalismo galego, para algúns, debe ser substancialmente apolítico. O seu principal argumento consiste en afirmar que namentres Galicia non se atope separada do Estado español non debemos mandar deputados ao Parlamento, e por conseguinte non debemos facer política, porque o seu labor será estéril (...).

O nacionalismo como sentimento, como cultura, como doutrina, en todos os seus aspectos, ten unha finalidade fundamental: a conquista para a nosa terra do dereito a dispor de si mesma, e a rexeir libremente os seus destinos. Esta vontade de ser que ten Galicia ciméntase en dúas grandes realidades: a conciencia da súa personalidade propia, e a conciencia da esterilidade e ineficacia do seu sometemento ao Estado español (...). A nosa personalidade ten que fundamentarse nunha cultura nosa, que non poderemos ter namentres o ensino siga monopolizado polo Estado español; na nosa lingua, desbotada de todos os centros pola oficialidade monopolizante do castelán; nunha economía librecambista e mariñeira, incompatible coa natureza proteccionista e de secaño do Estado español; nun espírito de xustiza que o réxime centralista é incapaz de entender e moito menos practicar. Quere dicir todo isto que o noso inimigo será sempre o Estado español, e a finalidade do nacionalismo, como creación e como protesta, será liberar á nosa terra desa servidume. E esta finalidade suprema, ¿que é senón unha finalidade política? O nacionalismo, pois, pola súa finalidade e pola natureza da súa loita, é un movemento substancial e profundamente político (...).

Que non nos metamos en política, iso é o que queren os políticos dominantes. Por iso non hai dereito a dicir que o nacionalismo galego é apolítico, porque iso, dígase no senso que se queira, na realidade non se pode tomar máis que como unha confesión de impotencia ou como unha manifestación de covardía.

Luis PENA NOVO. O nacionalismo e a política. A Nosa Terra, A Coruña, 30-9-1922.

Na difusión da cultura galega cabe destacar o papel da revista *Nos*, fundada en 1920 e dirixida por Risco, así como o Seminario de Estudos Galegos, fundado en 1923; en torno a eles, numerosos intelectuais galegos, a denominada **xeración Nós**, realizaron un intenso labor de estudo, creación e divulgación sobre todos os aspectos (literarios, artísticos, históricos, xeográficos, etnográficos...) que configuraban a realidade galega. En 1924 o Goberno de Primo de Rivera iniciou a represión de calquera tipo de actuación ou propaganda política dos nacionalismos periféricos e as actividades galeguistas quedaron reducidas só ao ámbito cultural. A partir de 1929, algúns galeguistas comezaron a reorganizarse e participar, xunto cos republicanos, na fundación da **Organización Republicana Galega Autónoma** (ORGA); sen embargo, o desexo de contar cunha organización propia levou a outros a crear diversas organizacións que confluíron en 1931 na fundación do **Partido Galeguista**, que tivo un gran protagonismo durante a II República.